

Curso 2013/2014 Axudas para a adquisición de libros de texto: Gratuidade solidaria – ESO

Obxecto da convocatoria e procedemento

Axudas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario destinadas ao alumnado matriculado en **ESO**

Requisitos

1. Ser pai/nai/titor ou titora legal do alumnado matriculado en ESO que non repita curso neste ano académico.
2. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 9.000 euros.

Cálculo da renda per cápita

É a renda familiar (suma dos recadros 455 e 465 da declaración do 2011) dividida entre o número de membros da unidade computables: (pais, fillos menores de idade non emancipados, fillos maiores de idade discapacitados ou incapacitados, fillos solteiros menores de 25 que convivan no domicilio familiar). Computarán por dous os membros da unidade familiar discapacitados ou pensionistas por incapacidade nos graos de total, absoluta ou grande invalidez ou que teñan recoñecida a condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. Nos casos de violencia de xénero no ámbito familiar, quedarán excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor, considerándose a familia como monoparental.

No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos os proxenitores inclúranse dentro do cómputo da renda familiar.

Nesta convocatoria, para os efectos de determinar a renda per cápita familiar, terase en conta a situación persoal e familiar en 31 de decembro de 2011 e o exercicio fiscal de 2011.

Quen pode solicitar a axuda

As axudas serán solicitadas polos pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado.

Lugar e prazo de presentación

As solicitudes entregaranse no centro onde estea matriculado o alumnado.

O prazo de presentación de instancias para o alumnado obxecto desta convocatoria será de un mes, segundo se indica a continuación:

1. Para o alumnado con **todas as materias aprobadas** e que **formalice a matrícula no prazo ordinario (xullo)**: Ata o **26 de xullo de 2012** inclusive.
3. Para o alumnado **que formalice a matrícula no prazo extraordinario (setembro)**: ata o **1 de outubro de 2012**, inclusive
4. **Novas incorporacións de alumnado** ao longo do curso: **un mes a partir do día seguinte ao da formalización da matrícula**, sempre que no mesmo curso escolar non estivesen matriculadas con anterioridade nun centro sostido con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia. En todo caso, a **data límite será o 31 de marzo de 2014**.

Lugar de presentación

No centro docente nos que estea matriculado o alumnado.

Presentarase **unha solicitude por cada alumno ou alumna**

Instancias

Pódense obter nos centros, nas Xefaturas Territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e tamén se poderán descargar en formato pdf.

Unha vez cuberta a solicitude deberá presentarse asinada, xunto coa documentación. Asinaran tamén o resto dos membros da unidade familiar computables para os efectos de renda que sexan maiores de idade, excepto nos supostos de separación ou divorcio, nos cales poderá omitirse a sinatura do proxenitor que non teña a custodia do menor.

Documentación

Xunto coa solicitude presentárase orixinal e copia da seguinte documentación. Os orixinais serán devoltos.

a) **Libro de familia** no que figuren todos os membros da unidade familiar.

No caso de non ter libro de familia, ou se a situación familiar, a día 31 de decembro de 2011, non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar, tales como:

- Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.
- Certificado ou volante de convivencia.
- Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia, que acredite a situación familiar.

b) No caso de **discapacidade** dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude deberá acompañarse un dos seguintes documentos que acrediten esta circunstancia a 31 de decembro de 2011:

- Certificado emitido polo órgano competente do grao de minusvalidez cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%,
- Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez, ou
- Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

c) No caso de situación de **violencia de xénero** no contorno familiar: documentación acreditativa.

O centro educativo poderá requirir das persoas solicitantes, en calquera momento, aclaración da documentación presentada.

Importe das axudas para a ESO

Segundo a renda per cápita familiar no ano 2011:

- Familias monoparentais:
 - Renda per cápita familiar ata 6.000,00 €: 180 €.
 - Renda per cápita familiar desde 6.000,01 ata 9.000,00 €: 104 €.
- Resto das familias:
 - Renda per cápita familiar ata 5.400,00 €: 180 €.
 - Renda per cápita familiar desde 5.400,01 ata 9.000,00 €: 104 €.

Información

Tamén poden informarse nos seguintes teléfonos da **Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos**:

- | | | |
|---------------|---------------|---------------|
| • 981 546 521 | • 981 547 301 | • 981 546 525 |
| • 881 997 385 | • 981 546 516 | • 981 546 523 |